

## **PREGO CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS DA OBRA "PAVIMENTACION DE VIAIS E CAMIÑOS"**

### **CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación do contrato**

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes en mellora de firme nos camiños indicados, cuxa codificación é CPV 45233142-6.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

### **CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación**

A forma de adxudicación do contrato de obras de PAVIMENTACION DE VIAIS E CAMIÑOS será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrencia; é decir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

### **CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: [concello@cerdedo.org](mailto:concello@cerdedo.org)

### **CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato**

O importe do presente contrato ascende á contía de 67.569,73euros. O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de 55.842,75 euros e no imposto sobre o valor engadido de 11.726,98 euros.

## **CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato**

A duración do contrato é de un máximo de DOUS MESES.

A iniciación do prazo comezará coa sinatura da acta de comprobación do replanteo.

## **CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar**

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a) Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia nalgunha das prohibicións de contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

### 3. A **solvencia do empresario:**

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán presentar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos seguintes medios:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bó termo. De ser o caso, tales certificados seranlle comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do persoal responsable das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución das obras, á que se lle xuntará a documentación acreditativa pertinente.

A documentación que corresponda poderá substituírse pola xustificación da inscrición no Rexistro de Contratistas.

### **CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de proposicións e documentación administrativa**

As ofertas presentaranse no concello, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura

en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscribas por él.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación das obras de PAVIMENTACION VIAIS E CAMIÑOS». A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»:** Documentación administrativa.
- **Sobre «B»:** Oferta económica e documentación.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

#### **SOBRE «A»**

#### **DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

*[SUPOSTO A) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE]*

**a) Declaración Responsable do licitador** indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

#### **«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación na licitación \_\_\_\_\_, ante \_\_\_\_\_

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**PRIMEIRO.** Que se dispón a participar na contratación das obras de \_\_\_\_\_.

**SEGUNDO.** Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de obras consistente en \_\_\_\_\_, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é \_\_\_\_\_.

**TERCEIRO.** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Sinatura do declarante,

Asdo.: \_\_\_\_\_»

*[SUPOSTO B) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN CONFORME AO ARTIGO 146.1 DO TRLCSP]*

**a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.**

**b) Documentos que acrediten a representación.**

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra persoa, presentarán unha copia notarial do poder de representación, verificado polo secretario da corporación.

— Se o licitador fose unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil cando sexa esixible legalmente.

— Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

**c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.**

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia realizar esta.

**d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.**

Se a empresa se encontrase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa de contratación para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

**e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.**

**SOBRE «B»  
OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN**

**a) Oferta económica.**

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_, xa que recibín unha invitación para a presentación dunha oferta e xa que estou informado das condicións e requisitos esixidos para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de \_\_\_\_\_, fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de \_\_\_\_\_ euros e \_\_\_\_\_ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura do candidato

Asdo.: \_\_\_\_\_.»

**b) Documentos que permitan á mesa de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.**

**CLÁUSULA OITAVA. Aspectos obxecto de valoración**

Para a valoración das ofertas e a determinación da que sexa economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación.



- Melloras: 20 puntos.
  - Maiores unidades de obra descritas no proxecto: 12 puntos.
  - Outras que supoñan unha mellora ao proxecto, non incluídas no mesmo: 8 puntos.
- Reducción de prazos: 2 puntos.
- Medios persoais e materiais adscritos á obra: 6 puntos

### **CLÁUSULA NOVENA. Prerrogativas da Administración**

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

### **CLÁUSULA DÉCIMA. Apertura de ofertas**

Se fora necesario, poderase conceder un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións enmendables observados na documentación presentada.

Procederáse despois á apertura e exame do sobre «B» e comezará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.

### **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Requerimento da documentación**

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (se a achega inicial da documentación é substituída por unha declaración responsable do licitador), así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación

diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

### **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Garantía definitiva**

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Adjudicación do contrato**

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adjudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.

- Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que se debe proceder á formalización.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Formalización do contrato**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Dereitos e obrigas do adxudicatario**

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista.

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinale o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

## B) Obrigas do contratista.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro para os supostos de subcontratación.

— Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.

— O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.

### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Facturas**

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

### **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Plan de seguridade e saúde no traballo**

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Revisión de prezos**

Non se prevé revisión de prezos.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Recepción e prazo de garantía**

Á recepción das obras, no momento da súa terminación, concorrerá o responsable do contrato, se houberse un nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se se considera oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista á conta da liquidación do contrato.

Se se encontran as obras en bo estado e de acordo coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daraas por recibidas, redactarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o director delas sinalará os defectos observados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para remediar aqueles. Se, transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuou, poderáselle conceder outro novo prazo improrrogable ou poderase declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de UN ANO contado desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se éste fora favorable, o contratista quedará liberado de toda responsabilidade, salvo da responsabilidade por vicios ocultos, e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pagamento das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. Se o informe non fora favorable e os defectos observados se deberen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a lle ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído e concederlle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMA. Execución do contrato**

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación da implantación e do inicio das obras. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, salvo en casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle deren ao

contratista o director facultativo das obras, nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Modificación do contrato**

Non se prevé modificación do contrato, salvo nos termos previstos no TRLCSP.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Penalidades por incumprimento**

— Cando o contratista, por causas imputables a él, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción prevista no artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou



sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Resolución do contrato**

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Réxime xurídico do contrato**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e esta vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

-----